

Fragmento: "Os irmauciños"

Polos comenzos deste século vinte a Galicia vilega e cibdadán vivía de costas ó agro e afastada da vida rural. O divorcio entre os labregos e os vilegos era casi total. Aquiles vían nas vilas os lugares a onde ían parar os productos do seu traballo en forma de trabucos, de costas dos xuzgados e doutras gabelas que os esquilmaban. Pola súa parte os señoritos vilegos adivirtíanse ríndose dos badocos e facéndoos ouxeto das súas bulras e das súas trasnadas. Fiel refrexo daquél clima é o «Catecismo do labrego», do Tío Marcos da Portela.

Nembergantes o idioma galego estaba vivo en vilas e cidades e a muiñeira bailábase aínda nos casinos ó final das festas de sociedade. Mais era cousa nidia que a nosa lingua perdía terreo diante do castelán, vítima da constante e cada vez meirande presión oficial.

A sementeira feita polos precursores foi xermolando e coa revolta espiritual da guerra do 14 agromou ó se crear as Irmandades da Fala fai agora medio século.

No comén pasaron un pouco desapercibidas, como adoita ocorrer con tódalas cousas novas, mais non tardaron en se dar a coñecer pola súa actuación na prensa, no mitin e noutras actividades políticas e culturais. Destas compre destacar a levada a cabo polos cadros artísticos das Irmandades ao poñer en escea obras de teatro galego, que tiveron grande éxito.

Casi ó mesmo tempo que as Irmandades xurdiron os Coros galegos si ben as súas actividades eran diferentes. O fin principal das Irmandades era o cultivo da fala galega en tódalas súas manifestacións tanto orais como escritas e os resultados non poideron seren millores.

Os irmaus comprometiámonos a usar decote a nosa fala na conversa i en tódolos actos da nosa vida. Isto pra moitos de nós non era novidade porque xa o viñamos facendo dende nenos e non significaba nin troque de conducta, nin sacrificio algún. Pro a todos lles non pasaba o mesmo. Había quen nas súas casas lles refugaban o falar en galego e pra estes, sí, era un esforzo dino de loubanza o de se decidir ó emprego do galego na conversa.

Pro mais importante aínda que o de falar foi a conquista da escritura. Escribir en galego, aínda pra os que sempre o falamos, supuña un traballo. Na escola e no Instituto ninguén nos ensinara a escribir en galego e tampouco había sitios onde aprender, polo que cada un axeitouse como puido pra saír adiante.

Un feito indiscutíbel é que ata que se fundaron as Irmandades da Fala endexamais se empregara o galego na correspondencia, ninguén escribira nunca unha carta en galego. Foi a partir de entón cando os irmaus impuxeron o emprego do noso idioma no xénero epistolar e aunque non fora mais que por eso as Irmandades xustificaron dabondo a súa existencia e son merecentes da gratitude dos bós galegos.

Como non podía menos de suceder as Irmandades tiveron os seus enemigos, ¡como non!, e moitos foron enemigos asañados. Istes tales deron en nos chamar despectivamente «Os Irmauciños», mais non conqueriron que o alcume nos alporizase senón, que, como ocorre decote nas loitas políticas, tomámolo como enseña e como timbre de orgullo e procuramos ser decote bós irmauciños e comportarnos como tales.

Ata que a guerra incivil esmagou canto en Galicia había de galeguismo a irmandade foi un feito real entre todos os irmauciños e onde queira que se atopasen os irmaus como tales se trataban e se comportaban.

Manifestaci3s grandiosas da franternidade que xunguía os irmauciños foron os enterros de Lousada Diéguez, en Pontevedra, e de Ant3n Villar Ponte, na Cruña, 3s que asistiron irmaus de todos os recunchos de Galicia e s3mentes fallaron os que non se enteiraron ou os que estaban doentes.

No intre de fervoroso rexurdimento que estamos a vivire ser3a de grande importancia que os galeguistas de agora tivesen o mesmo esprito de franternidade que decote xungu3u 3s irmauciños, 3s galegos b3s e xenerosos que atinaron a crealas Irmandades da Fala cuio cincuentenario celebramos hoxe adic3ndolle unha fonda e garimosa lembranza 3s irmaus idos e 3s que deron a súa vida por unha Galicia ideal.

(Correo de Galicia, 5-6-66)